






Datos do Expediente:

| | |
|---|---|
| PROCEDEMENTO ABERTO | |
| Unidade Tramitadora: | |
| Contratacion e Obras Publicas - PMTD | |
| Número expediente: | Documento: |
|  CON/11/2024 |  CON18I0WX |
| 2W532V071N0303031AZB | |
|  | |

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

O Xefe do Servizo de Contratación con data 28 de febreiro de 2024, elevou a esta Alcaldía-Presidencia o informe-proposta que di:

“En relación co expediente para contratar o servizo denominado “Servizo para o desenvolvemento de accións formativas de permiso de condución”, en cumprimento do disposto no artigo 117 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), emítese o seguinte

INFORME-PROPOSTA

Estamos perante un contrato de servizos, definido polo artigo 17 da LCSP.

Con data de 22 de xaneiro de 2024, a xefa do servizo Sociocomunitario, María Yolanda Martínez García emitiu un informe no que se expresa a necesidade da contratación do servizo para o desenvolvemento de accións formativas de permiso de condución de acordo co disposto no artigo 28 da LCSP.

O órgano de contratación xustifica mediante resolución da alcaldía de 22 de xaneiro de 2024 pola que se inicia o expediente de contratación, a necesidade manifestada para esta contratación coa que se pretende mellorar a formación así como favorecer a empregabilidade dotando ás persoas desempregadas deste Concello de ferramentas para optar dun xeito máis competitivo a un posto de traballo, dado que este concello non dispón de recursos propios, tanto humanos como materiais, para satisfacer de forma directa esta necesidade, xustificación que se realiza de acordo co disposto no artigo 116 da LCSP.

Con data de 7 de febreiro de 2024 a Interventora Xeral emitiu un informe sobre a existencia do crédito necesario para a citada contratación (RC 220240000474 por importe de 19.995,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2410 22799). Así como sobre a dotación de crédito necesario para facer fronte aos gastos derivados da dita contratación no exercicio 2025 (RCP 220249000041 por importe de 19.995,00 euros e con cargo á mesma aplicación). No mesmo documento, informa en relación á porcentaxe que supón esta contratación con relación aos recursos ordinarios do orzamento e a competencia desta

alcaldía para a citada contratación ao non superar esta porcentaxe o dez por cento do devandito presuposto.

O 19 de febreiro de 2024 o xefe do Servizo de Contratación emitiu un informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento que se debe seguir, que, segundo o artigo 131.2 en relación co 145.1 da LCSP será o procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio de mellor relación calidade-prezo.

Constan, ademais, no expediente de contratación a acreditación da insuficiencia de medios xunto coa valoración da repercusión do contrato no principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira así como estudo de custes e informe de criterios de avaliación.

Unha vez redactados o Prego de cláusulas administrativas particulares así como o de prescricións técnicas, foron incorporados ao expediente.

Incorporarase, así mesmo, un informe xurídico da Secretaría Xeral do Concello de Narón de conformidade co disposto no apartado 8 da Disposición adicional terceira da LCSP.

O órgano competente para levar a cabo esta contratación corresponde á alcaldía, de conformidade co apartado primeiro da Disposición adicional segunda da LCSP, e en consecuencia, tamén para aprobar o expediente de contratación e a apertura do procedemento de adxudicación conforme ao artigo 117 do reiterado texto legal.

A aprobación do expediente de contratación leva consigo a do Prego de cláusulas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato en virtude do disposto no artigo 116 da LCSP.

Por todo o exposto, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o que subscribe, previa fiscalización, eleva á Alcaldía-Presidencia a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación do servizo de realización de accións formativas de permiso de condución, convocando a licitación.

SEGUNDO: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexerán o contrato de servizo denominado "Realización de accións formativas de permiso de condución", por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación.

TERCEIRO: Autorizar o gasto de 19.995,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2410 22799 no exercicio 2024 (RC 220240000474).

Así mesmo, deberá dotarse nos orzamentos correspondentes ao exercicio 2025 o crédito de 19.995,00 euros, para facer fronte aos gastos derivados do contrato (RCP 220249000041).



CUARTO: Iniciar o procedemento de adxudicación mediante a publicación dun anuncio no perfil do contratante deste concello aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, para que no prazo de 15 días calquera interesado poida presentar unha proposición.

QUINTO: Publicar no citado perfil do contratante, de conformidade co artigo 63 da LCSP, a seguinte documentación:

- Acordo de incoación do expediente.
- Informe de insuficiencia de medios.
- Estudo de custes
- Prego de cláusulas administrativas particulares e prego de prescricións técnicas.
- Aprobación do expediente.”

Por todo o exposto e unha vez fiscalizado de conformidade o informe-proposta de aprobación do expediente (CON18I0E0) polo departamento de Intervención de Fondos con data 2 de maio de 2024 (IGA18I0BD), esta Alcaldía, en virtude das competencias atribuídas pola Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público,

RESOLVE

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación do servizo de realización de accións formativas de permiso de condución, convocando a licitación.

SEGUNDO: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexerán o contrato de servizo denominado “Realización de accións formativas de permiso de condución”, por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación.

TERCEIRO: Autorizar o gasto de 19.995,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2410 22799 no exercicio 2024 (RC 220240000474).

Así mesmo, deberá dotarse nos orzamentos correspondentes ao exercicio 2025 o crédito de 19.995,00 euros, para facer fronte aos gastos derivados do contrato (RCP 220249000041).

CUARTO: Iniciar o procedemento de adxudicación mediante a publicación dun anuncio no perfil do contratante deste concello aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, para que no prazo de 15 días calquera interesado poida presentar unha proposición.

QUINTO: Publicar no citado perfil do contratante, de conformidade co artigo 63 da LCSP, a seguinte documentación:

- Acordo de incoación do expediente.
- Informe de insuficiencia de medios.
- Estudo de custes



- Prego de cláusulas administrativas particulares e prego de prescricións técnicas.
- Aprobación do expediente.

***Ante min.
(Dou fe da identidade do asinante)***